

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 20 de outubro de 2006 pola que se convoca concurso de traslados específico entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 214, do martes 7 de novembro de 2006, é necesario efectuar a seguinte rectificación:

No anexo I, onde di:

«EPA Eduardo Pondal-A Coruña.

Código: 15025621.

Vacantes	Disciplina
1	Lingua castelá e literatura
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Inglés
1	Psicoloxía e pedagogía
1	Lingua e literatura galegas»

Debe dicir:

«EPA Eduardo Pondal-A Coruña.

Código: 15025621.

Vacantes	Disciplina
1	Xeografía e historia
1	Matemáticas
1	Psicoloxía e pedagogía».

*Orde do 6 de novembro de 2006 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais, ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas

e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberanlle xuntar á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultar seleccionados/as para ocupar os postos de traballo funcionarios/as con destino noutras administracións públicas, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizo, considerándose neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días segundo o disposto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que o novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo do/a funcionario/a. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Denominación: xefe de Servizo de Persoal.  
Código do posto: ED.C99.10.000.15001.125.  
Dependencia: delegación provincial.  
Localidade: A Coruña.  
Grupo: A/B.  
Nivel: 28.  
Corpo ou escala: xeral.  
Complemento específico: 10.147,32 euros.  
Tipo de adscrición: A11.  
Formación específica: 640.  
Descrición de códigos.  
A11.-Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA.  
640.-Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).